



REVISTA ALCOUVE



CURSO 2023 - 24



ÍNDICE

LIMIAR	1
DÍA DO LIBRO	2
SAÍDA A BOMBEIROS	6
SAÍDA “ONDE VIVEN OS CONTOS”	8
FESTA DOS MAIOS	11
ROSALÍA	12
ADIVIÑA, ADIVIÑA	14
SAÍDA AO PARQUE DE ARTE RUPESTRE DE CAMPO LAMEIRO	15
OS OLÍMPICOS E AS SÚAS OLIMPIADAS	17
ADIVIÑAS	19
LECTURAS EN GALEGO	21
OBRADOIRO AQUOLOXÍA	22
VISITA Á FINCA AREEIRO	24
DÍA DE ROSALÍA 23 DE FEBREIRO	26
VISITA Á ONCE	28
INVERNADOIRO	29
LETRAS GALEGAS	30
MULLERES OLÍMPICAS	31
DEPORTE EN CABANAS	32
FEITIZOS DE SAMAÍN	34
PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A INFLUENCIA DOS RAIOS SOLARES SOBRE A TERRA	36
LUÍSA VILLALTA: ACRÓSTICO DA SÚA VIDA	38
ACRÓSTICOS DE OBRAS DE LUÍSA VILLALTA	39
MAUVAR	44
COPLAS DOS MAIOS	45
CIBEREXPERTOS	46
OLIMPIADAS DE CABANAS 2024	47
MURGAS DO ENTROIDO	48
BIBLIOTECA	59
RECOMENDACIÓNS LECTORAS	60
FOTOGRAFÍA DE 6ºA E 6ºB	61

LIMIAR

Recollemos na Revista Alcouve as múltiples actividades que realizamos ao longo do curso 2023 - 2024.

Un ano de reencontros, cambios, adaptacións, ... que resultou moi agradable para os diferentes membros da comunidade educativa.

Como no deporte, no colexio de Cabanas, aplicamos os principios de empatía, respecto, amizade, tolerancia, e colaboración.

Entre todos e todas logramos con esforzo, tenacidade e leducia, superar con boa nota, un curso máis.

As Olimpíadas foron a temática protagonista, da man da nosa mascota Pataquiña e o Equipo de Biblioteca, que nos guiaron de comezo a fin.

Dende o Equipo de Normalización Lingüística queremos agradecer a colaboración de todos e todas, esperamos que esta pequena publicación sexa do seu agrado e co remate deste curso escolar só desexamos que teñan un feliz verán e volveremos a reencontrarnos en setembro.

Un cordial saúdo




DÍA DO LIBRO

POLO DÍA DO LIBRO

REALIZAMOS 4 ACTIVIDADES:


★ O CONTO PREFERIDO




★ APADRIÑAMENTO LECTOR



★ FAMILIAS CONTACONTOS





★ MARCAPÁGINAS




SAÍDA A BOMBEIROS

★ VISITA MGS Ó PARQUE
DE BOMBEIROS DE
PONTEVEDRA.



★ LOGO MERENDAMOS NO PARQUE DE LOURIDO



SAÍDA “ONDE VIVEN OS CONTOS”

OS MENOS E MENAS DE 5.º E 6.º DE INFANTIL
FOMOS DE EXCURSION A NIGRAN A VISITAR
“ONDE VIVEN OS CONTOS”



FIXEMOS PERFUMES



ALCOUVE

CREAMOS PEGADAS DE DIFERENTES
ANIMAIS



CONHECEMOS AS PLANTAS DA HORTA



FIXEMOS GALLETAS



XO GAMOS E DESFRUTAMOS MOITO




FESTA DOS MAIOS





Os nenos e nenas de primeiro fixemos uns maíos para celebrar a entrada á primavera. Percorremos o entorno en busca do material, o que nos permitiu coñecer diferentes especies vexetais que temos ao noso redor, cantamos o maio e bailamos. Esta actividade deunos a oportunidade de retomar unha das tradicións da nosa cultura “A festa dos maíos”

ROSALÍA

Sempre lembramos a Rosalía e este curso estudamos algunas das súas fermosas poesías. Sabemos que foi feliz na súa casa de Padrón e fixemos uns debuxos da súa bonita vivenda.





Gústanos sempre recordar á
 nosa grande Rosalía de
 Castro.

Na clase tamén escribimos,
 aprendemos e recitamos
 algunhas das súas bonitas
 poesías.

Adiviña, adiviña...

Tenro unha planta que xira e sempre ao
sempre ao sol mira.
É un vela e non medra na pedra
de talo e follas verdes que
scamais esqueceredes. Que é ?



Marisa

É unha planta e non espe-
ta xira con o sol non lle
faltan olor.
¿Quen son?




Xirasois, flor
do sol, xira
e xira
buscando
calor.

Unha planta que mira ao Sol, a súa
flor amarela florece cando fai calor
e coa súa semente faise aceite.



Marisa



SAÍDA AO PARQUE DE ARTE RUPESTRE DE CAMPO LAMEIRO




Na aula vivenciamos a Prehistoria formando parte da nosa tribu, Sol e Lúa, onde cada membro debía ter un papel esencial para que todo funcionase correctamente.

O noso poboado



ALCOUVE



Vivir na antigüidade non che era nada fácil, había que organizarse moi ben.




**Eu vivindo
no
Neolítico**

Ola! Chámome Dente de salte.
Son filla de Acha de...
lume.....



Nacín o día 3... de
xulio.....

Pertenzo á tribu Sol e lúa.
de Gabeas-Salcedo.




Os olímpicos e as súas olimpíadas

Este curso chegaron a 2º as Olimpíadas e a rapazada liouna nas competicións.



CLASE DE 3º CURSO 23/24

CEIP DE CABANAS



DANIEL



ÁLEX



HUGO



SILVIA



GAEL DÍAZ



XULIA



GAEL FEIJÓO



MARÍA



CARMEN



DIEGO



IAGO




MARTÍN



ZOE



SOFÍA



BREIXO



ICAR



HÉCTOR



ANA



PAULA



ANDREA



ALBA



A DIVINIANEAS

- 1 Uma pelota moi veloz, na cancha vai e vén, con golpes e raquetazos, faille un punto a o teu equipo!

(SINIS O)

- 2 En equipo desprázome, driblando con habilidade, an otando goles na portería contraria con destreza.

(708+0= O)

- 3 Nun ring leite con valor, esquiva e lanzo puñadas, que deporte de contacto practico con honra?

(0 BOXEO O)

- 4 Nun tatami desenvolvome, con técnicas de defensa e ataque, neste deporte marcial en rolvome.

(0 JUDO O)

5) Unha canastra, un arco, o balón nas túas mans, encesta con mestría, cal é a túa fazaña?

(OLIMPIONISMO)

6) En pista ou en roteiro, con curvas e rectas, pedalea sen descanso, que deporte inquietache?

(CICLISMO)

7) Na auga móvese, con brazadas e estilo, chega á meta, cal é o seu obxectivo?

(NATAÇÃO)

8) No taboleiro midesen, con estratexia e astucia, xa que mate reloce, que deporte seduceche?

(XADREZ)



Lecturas en galego




Neste curso os alumnos de 4º de Primaria lemos o libro "Papá Canibal" de Antonio Fraga.



No 3º trimestre veunos visitar o autor do libro, puidemos coñecelo e preguntarlle moitas cousas sobre o libro e o seu traballo de escritor.



Despois firmounos os nosos libros.



OBRADOIRO AQUOLOXÍA



OS ALUMNOS DE 4º DE PRIMARIA CONVERTÉMONOS EN CIENTÍFICOS POR UN DÍA E APRENDEMOS MOITO SOBRE A AUGA E O CICLO DAS AUGAS URBANAS.

CÓMO CHEGA A AUGA POTABLE AS NOSAS CASAS?

ONDE VAI AUGA QUE EMPREGAMOS?



POR QUÉ NON DEBEMOS TIRAR AS TOALLÍNAS NO WC?



CHARLA DE AQUALOXÍA




Visita á Finca Areeiro



Os alumnos de 4º de Primaria fixemos unha visita á estación fitopatolóxica da Finca Areeiro en Marín.

Alí nos ensinaron un pouco do traballo que fan coas plantas e disfrutamos dun paseo polos seus xardíns.



Nos seus xardíns ensináronnos que hai moitas especies distintas de camelias e recolleemos un montón de flores do chan coas que xogamos despois.



ALCOUVE



Camellia é un xénero de plantas da familia Theaceae que producen as flores coñecidas como camelias. O xénero Camellia inclúe moitas plantas ornamentais e a planta do té.



Día de Rosalía

23 de Febreiro



Para celebrar o día de Rosalía de Castro escribimos entre todos o seu poema "Adeus ríos, adeus fontes" e o grabamos recitándoo na radio.

Adiós ríos, adiós fontes



Rosalía de Castro

Adiós ríos, adiós fontes
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos,
non sei cando nos veremos.

Miña terra, miña terra,
terra donde m'eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei.

Prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña d'o meu contento.

Muiño dos castañares,
noites craras do luar,
campaniñas timbradoiras
da igrexiña do lugar.

Amoriñas das silveiras
que eu lle daba ó meu amor,
camiñiños antre o millo,
¡adiós para sempre adiós!

¡Adiós, gloria! ¡Adiós, contento!
¡Deixo a casa onde nacín,
deixo a aldea que conozo,
por un mundo que non vin!

Deixo amigos por extraños,
deixo a veiga polo mar;
deixo, en fin, canto ben quero...
¡quén puidera non deixar!

Adiós, adiós, que me vou,
herbiñas do camposanto,
dónde meu pai se enterrou,
herbiñas que biquei tanto,
terriña que nos criou.

¡Ca se oien lonxe, moi lonxe,
as campanas do pomar;
para min, ¡ai!, coitadiño,
nunca máis han de tocar.

¡Adiós tamén, queridiña...
Adiós por sempre quizáis!...
Dígoche este adiós chorando
desde a beiriña do mar.

Non me olvides, queridiña,
si morro de soidás...
tantas légoas mar adentro...
¡Miña casiña!, ¡meu lar!

Visita á **ONCE**

Os alumnos de 4º de Primaria visitamos as instalacións da ONCE en Pontevedra.



Alí descubrimos como aprenden os nenos que teñen algunha discapacidade visual e experimentamos cun montón de aparellos, por exemplo, nos ensinaron como son e como se fan os libros con debuxos e letras para os nenos cegos.



Ata escribimos o noso nome en braille!!

INVERNADOIRO



LETRAS GALEGAS

HOMENAXEANDO A LUISA VILLALTA GÓMEZ



MULLERES OLÍMPICAS



DE LAS CHICAS DE LA SELECCIÓN
ESPAÑOLA DE CANOAJISMO, CON
CANOJO:

- CAROLINA GARCÍA ORENO

Carolina

- SARA OLANDEZ ITURRALDE

Sara



DEPORTE EN CABANAS

CROSS ESCOLAR NA ILLA DAS ESCULTURAS

No mes de outubro, o alumnado de 5º participamos no **Cross Escolar Zonal de Campo a través 2023** na Illa das Esculturas, dentro do **Programa Xogade** da Xunta de Galicia para promocionar o deporte.



DRAGÓNS POLO LÉREZ

En abril, visitamos a **Escola de Piragüismo Cidade de Pontevedra** e navegamos a bordo dun **DRAGÓN** ao ritmo dos tambores.





ALCOUVE

PRACTICANDO GOLF EN MEIS

O alumnado de 5º gozamos tamén **practicamos golf** no **CAMPO DE MEIS**.

Aprendemos unhas nocións básicas para poder divertirnos no campo con un pouco de técnica.



EXCURSIÓN FIN DE CURSO

Na excursión de **FIN DE CURSO** pasamos unha divertida xornada no **ECOPARQUE DE MARÍN**.

Alí, pasamos unha mañá chea de **aventuras**, camiñando entre as **copas das árbores** e voando en **alucinantes tirolinas**.



FEITIZOS DE SAMAIÍN

Feitizo



Aguillón de viúva negra,
corazón de sapo,
límpate o nariz
ou te comerá o teu gato.

Barra de Caronte,
capucha da Santa Compañía,
se non me acompañas
dareiche coa gadaña!

Garra de tigre,
pelo de ratilla,
se non me fas caso
poreite a "parrilla".



FEITIZO



Ollos de ra,
tripas de verme,
sangre de dragón,
para non volver a verte.

Pel de serpe,
ás de morcego,
antenas de caracol,
dáme moito medo!



Dedo de zombi,
canino de vampiro
cerebro de momia,
agora es un asasino!

Bigotes de lobo
e varios grandes osos,
pelo de rata,
quero revivir aos mortos!



FEITIZO



CABEIROS DE VAMPIRO,
AS DE MORCEGO,
RÁPIDO, RÁPIDO,
QUE AO SAMAIÍN NON CHEGO.

VASOIRA DE BRUXA,
PETEIRO DE MOUCHO,
VEÑA, VEÑA,
QUE XA QUEDA POUCO.

PATAS DE ARAÑA,
VESTIDO DE VAMPIRESA,
HAI, HAI, HAI,
TEÑO MOITA PRÉSA.

NOITE ESCURA,
GATOS NEGROS,
CORRE, CORRE,
QUE QUEDA POUCO TEMPO.

PANTASMA BRANCO,
NOITE ESCURA,
A MIÑA TARDANZA
NON TEN CURA.

LUCES DE CABAZA,
PELOS DE OGRÓ,
SER PUNTUAL
EU NON LOGRO!




E DE TANTO CORRER
POR FIN CHEGO
Á FESTA DE SAMAIÍN
DESPOIS DE TANTO TEMPO.



Cabeiros de vampiro,
ollos de dragón,
que ninguén rompa
o meu ordenador.



Zombi perdido
momia tamén,
quen os atopa,
ti ou Frankenstein?



Moita fame teño,
de guiso de caracol,
con mofo da casa
do teu bisavó.



As bruxas voan,
os morcegos tamén,
e cunha poción
vólveste bebé.

Truco ou trato,
truco ou trato.
Cen chuches no caldeiro.
pero non vou satisfeito.

Feitizo



Patas de araña,
ollos de sapo,
ti quedarás calado
ata o seguinte ano.

Carne de rata,
cola de "ratón",
este samain
molará mogollón.



Sopa de león,
ás de dodo,
este ano
poderás con todo.



Crina de cabalo,
patas de dragón,
que a cabaza do meu pai
viva un montón.

Pata de rata,
coco de melón,
nesta veciñanza
hai un "esqueletón".

Estómago de sapo,
veneno de pitón,
este ano terás
unha maldición.



SLENDERMAN

Slenderman vai por ti
e se escapas deixarás de existir.
Non te agoches, non o conseguirás
e na túa casa o verás.

É un home delgado
e moi malvado.
O seu nome tres veces dirás,
entón el aparecerá.

No bosque vive
e aos nenos persegue.
A noite de Samain
do seu bosque vai saír!

Leo P, Martin e Roi




ALUMNADO DE 5º

PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A INFLUENCIA DOS RAIOS SOLARES SOBRE A TERRA

O alumnado de 5º realizou un "Proxecto de investigación sobre a influencia dos raios solares sobre a Terra".

A investigación consistiu en **medir a sombra** que proxecta un pau no centro da pista de fútbol e rexistrar os datos recollidos. Dita medición realizouse sempre ás 12:30 h.

Antes de comezar a medición da sombra, reflexionamos sobre cales eran os factores a ter en conta para poder comprender a influencia dos raios solares sobre a Terra: os movementos de Terra, inclinación do eixe terrestre, afelio e perihelio, solsticios e equinoccios...



★ RECOLLIDA DE DATOS ★	
22-11-2023	2.15 Metros
1-11-2023	2.34 metros
13-12-2023	2.50 metros
13/12/	2,51 metros
19/12	2,55 metros
SOLSTICIO DE INVERNO	22/12
11/01	2,50 metros
12/01	2,47
19/01	2,32
24/01	2,22
02/02	2,06



Sombra projectada



CONCLUSIÓN

A sombra máis longa corresponde co Solsticio de Inverno.

Os equinoccios producen sombras case iguais.

Desde novembro ata o Solsticio de Inverno, a sombra medrou. A partir dese momento, a sombra foi decrecendo e seguirá así ata o Solsticio de Verán, que debería ser a sombra máis pequena do ano. Despois, iniciárase outra vez o seu aumento e repóitase o ciclo.

En conclusión, para poder entender por que hai máis calor no hemisferio norte, cando a terra está máis lonxe do sol, é necesario ter en conta a inclinación do eixe terrestre. Dita inclinación, fai que os raios solares incidan perpendicularmente no Trópico de Cáncer, provocando unha sombra máis pequena sobre a superficie terrestre. Por este motivo, quedan menos espazo pero con maior intensidade.

A plenitude da súa vida

Luisa Villalta

Unha veciña da Coruña

Ilustre escritora galega

Santiago foi a súa casa

Antes dos estudos rematar

Vencellada a diferentes asociacións.

Intérprete de violín tamén foi

Luisa na orquestra de Galicia participou




Libros, poemas e teatro publicou

Ademais, en filoxía se licenciou


Loitadora incansable

Tamén defensora do galego

A ela se lle adica este ano o día das letras.



ALCOUVE



ALCOUVE

LÚA
L U A
L U A

BRANCA
B R A N C A
B R A N C A

Lúa branca na noite

Unha esencia transmite

Idioma da alegría

Sorriso do día

Agora podes velos a amor

Velos unha noite linda

Inda queda unha esperanza

Lúa branca na noite

Lúa, brilla máis ca onte

Agora un brillo solta.

Linda lúa verde clara

Tanto coma a arborada

Agora descansar tranquilo podes.



LUI SA . NO NO SO . CO RA ZÓN

Luisa Villalta

Unha muller de gama alta

Inigualable nas súas letras

Sempre en galego os seus poemas

A postando pola súa lingua

Valente como as guerreiras

Inimitable como as requeixas

Loitadora e emprendedora

Lectora e escritora

As súas obras lembramos

Lendo os seus poemas

Tocando as súas letras

Así a homenaxeamos.

* A Nosa relación
 Latendo o meu corazón

Unisono cos meus pulmóns

Iusionada eu xa estou

Sabendo que o meu amor

Abriume o seu corazón.

Vendo dende o balcón

Idealizo a nosa relación.

Lazos de amor entre as nosas mans

Lendo poemas sen parar

Amoríos imos soltar

Lamentando a miña decisión

Tereños que abandonar esta pasión


Alonxandome do teu corazón

Letras Galegas 2024


ALCOUVE

Co motivo do Día das Letras Galegas, a compañía *Trémola Teatro* achegounos á vida e obra da homenaxeada este ano, Luisa Villalta, dun xeito ameno e divertido. Aquí vos deixamos unha mostra.





Os nenos e nenas de 6ºB,
aportamos unha palabra nova
ao inventariado de palabras
inclusivas! Para que todas
as persoas loitemos pola
igualdade de oportunidade!!
Aquí vos deixamos unha que
inclúe a todas as persoas
discapacitadas como válidas
e útiles na nosa sociedade.



Hoxe é 1 de Maio
e imos anunciar
que chegou a primavera
e flores a plantar

E flores a plantar
de distintas cores
pra darlle a benvida
á estación das flores

A estación das flores
coas árbores frondosas
e moitas alerxias
que venen das polas

Alí ven o maio
crecen as flores
cantan os galos
e saen as cores

Os nenos e nenas de 6ºB,
fixemos con moito agarimo
unhas copliñas dos maios.
Esperamos que as cantedes con
moita ilusión e alegría e
botémolas Meigas Fora!!
A disfrutar!!!



Os nenos e nenas de 6ºA e 6ºB tivemos a oportunidade de aprender a utilizar ben as novas tecnoloxías. Ensináronnos os perigos das redes sociais e cómo protexer a nosa intimidade, sen deixar de disfrutar de Internet e as ferramentas tan divertidas como útiles que nos dan as redes sociais. Conseguímolos! Xa somos uns CIBEREXPERTOS!!

OLIMPIADAS DE CABANAS 2024



O luns 3 de xuño chegou o facho olímpico ao cole e o 7 de xuño celebramos as olimpiadas.

Os nenos xogaron a 14 deportes: atletismo, baloncesto, balonmán, ciclismo, fútbol, golf, ximnasia artística, ximnasia rítmica, hockey, loita, skate, tenis de mesa, tiro con arco e tiro olímpico.

Houbo cerimonia de inauguración, cerimonia de clausura e baile final.





MURGA INFANTIL



AOS MENOS DE INFANTIL IL IL
GUSTA NOSAS OLIMPIADAS AS ASAS
ESABEMOS QUE DE AQUI E SABEMOS QUE DE AQUI
VAI SAIR UNHA MEDALLA

PIRIM PIN PIN PIN PIRIM PIN PIN
O ATLETISMO PARA TI E A NATACION PA MIN
PIRIM PIN PIN PIN PIRIM PIN PIN

O ATLETISMO PARA TI E A NATACION PA MIN
VIAXAREMOS A PARIS IIIS NESTE 2024 #
DESPOIS DE QUE ACENDA O FACHO
OS XOGOS VAN A COMEZAR E NOS ÍMOS ANIMAR



OS DEPORTISTAS GALEGOS
QUEREN GANAR AS MEDALLAAS
POR ISO ENTRENAN MOITO, POR ISO ENTRENAN MOITO
E NON COMEN TRAPALLADAS



ALCOUVE



NAS MALETAS HAN DE VIIR
XUNAS TODAS AS MEDALLAAS
E CONNOSCO COMPARTIR E CONNOSCO COMPARTIR
O ESFORZO NAS BATALLAS.

PARA IR XA REMATANDOOO
ESTA MURGA DE INFANTIIIL
PRACTICA MOITO DEPORTE, PRACTICA MOITO DEPORTE
PORQUE TE FARA FELIZ.



“MURGA 1º PRIMARIA”

E a hora e a hora

E a hora de cantar

Para estas olimpiadas

Q vos imos ensinar.

Se en forma queres estar

Deporte hay q practicar

Podes correr ou nadar

O importante e xogar.

Ilari lari lari e o o o

Ilari lari e o o o

Ilari lari lari e o o o

Esta e a nosa murga

Que fixemos con amor.

MURGA DE 2º E.P.

E xa estamos no Entroido
Coas Olimpíadas e con todo
Estudar é moito rolo
As excursións molan moito máis.

O cole nos gusta moito,
José Luis e o ximnasio,
A teacher Guada é un Yes,
en inglés
E o patio tamén é un Best!

O colexio de Cabanas,
Eche chupi e xenial,
Os de aquí molamos moito,
E con esta murga
ímolo a petar!


MURGA DE 3º E.P.

OBLADÍ DE CABANAS
 MURGA 3º PRIMARIA

Comerou o entroido, imos criticar,
 os mestres do cole que nos caen moi mal.
 Rara cos amigos poder gestexar,
 Menos tarefas nos terán que mandar.

LEONOR, JOSELUIS, PROFE GUADA

NOS SO QUEREMOS XOGAR.



Somos un grupiño moi salador.

Listos e riquiños somos un montón.

Lingua, xoci, nattu son un roiado

Queremos bailar, xogar pasalo ben.

LEONOR, JOSE LUIS, PROFE GUADA.

NOS SO QUEREMOS XOGAR



Murga de Entroido de 4º A

HAI QUE XOGAR

Todo aquel que pense que o colexio é xenial
ten que saber que non é así,
que hai que estudar e facer exames!
Todo aquel que pense que xogar está de máis
ten que saber que non é así,
que xogando aprendemos máis!

Ah-ah hai que xogar,
que os exames rematen xa!!
que o cole é mellor xogando!
Oh-oh-oh-ah hai que xogar!
Que os exames rematen xa!!
que o cole é mellor xogando!!

Todo aquel que pense que o colexio é xenial,
ten que saber que non é así,
que hai que madrugar, que sexa venres!!

Todo aquel que non queira facer exames,
ten que cantar, hai que protestar!
di non a traballar! queremos recreo!

Ah-ah hai que xogar,
que os exames rematen xa!!
que o cole é mellor xogando!
Oh-oh-oh-ah hai que xogar!
Que os exames rematen xa!!
que o cole é mellor xogando!!

QUERO FILLOAS!

Ailaralalá, ailaralalá
 Ailaralalá, ailaralalá
 Ailaralalá, ailaralalá, ailaralalá

Xa quegou o carnaval,
 neste día de festa

Quenta ven as peeniñas,
 di que non ás contracturas
 Non que se nos que te marques,
 nin que rompas o disfraz
 Hoxe somos deportistas

Para correr veño eu deportista
 coa raquetiña na man
 Aturuna canda min,
 que nos escoiten berrar
 Que nos escoiten berrar
 Que nos escoiten berrar
 Coa raquetiña na man

Ailaralalá, ailaralalá
 Ailaralalá, ailaralalá
 Ponte a brincar, ponte a xogar,
 Ponte a berrar, berrar
 Quero filloas!

Corre ti, xogarei eu,
 Co xeito de José Luis
 Festexaremos o partido,
 da xente que está a bailar

Da xente que está a
 bailar, da xente que
 está a bailaacaar
 Ponme dúas orellas!

Ailaralalá, ailaralalá

Ailaralalá, ailaralalá

Ponte a brincar, ponte a xogar,

Ponte a papar

Quero filloas!

Ailaralalá, ailaralalá

Ailaralalá, ailaralalá

Ponte a brincar, ponte a xogar

ponte a papar

Unhas orellas!

Aiveñen, Aiveñen!

Quentiñas están

ESAS fiollíñas, Para min PAPA,

Que ricas están,

Que ricas están

Ai esas filloas,

Que ricas están

Que ricas están (x3)

Para min papar (x3)

Pra papar, pra papar

para min papaacaacaacaar

Ailaralalá, ailaralalá

Ailaralalá, ailaralalá

Ailaralalá, ailaralalá

Ponte a brincar, ponte a sacar,

Ponte a berrar

Quero filloas!

Ailaralalá, ailaralalá,

ailaralalá, ailaralalá

Ponte a brincar, ponte a sacar,

Ponte a berrar

Tameñ orellas!

MURGA DE ENTROIDO

Non ao cole, ole, ole!
Non ao cole, ole, ole!
Non ao cole, cole, cole.... ole, ole, ole.
Non ao cole, cole, cole....ole, ole, ole.

Estamos en Cabanas, celebrando o entroido,
mais non será así sempre, xa que temos moito choio.
Comeremos orellas, moitas chulas e filloas,
mais ao chegar o venres, ole, ole!

Non hai cole, ole, ole!
Non hai cole, ole, ole!

Podedes convencernos de que temos tempo libre,
pero iso non nos vale, queremos vacacións!
E podedes facer que nos quedemos sen recreo,
mais ao chegar o entroido, ole, ole!

Non hai cole, ole, ole!
Non hai cole, ole, ole!

Non, non, non , non, non

Podedes castigarnos, berrarnos ou mimarnos,
pero logo o peor, exames a mogollón.
Podedes ser adultos, aburridos e amargados,
pero nós somos nenos, divertidos.

Queremos xa xogar e deberes nunca máis,
queremos descansar e á porra traballar!
Os mestres e os coles iso é o peor invento,
mais ao chegar a xullo, ole, ole!

Non hai cole, ole, ole!
Non hai cole, ole, ole!

Queremos divertirnos (todo o tempo),
o cole está invadido polo (aburrimento):
Non queremos tarefas, nin exames, nin traballos
pois xa chegou o entroido, ole, ole!

Non hai cole, ole, ole!
Non hai cole, ole, ole!



ALUMNADO DE 5º

Murga 6ºA

A CLASE FESTEIRA

Luns ás sete ténome que espertar
 Aínda teño deberes que rematar
 A Profe Loli manda optimizar
 e a Teacher Guada co seu coge na man.

E me estreso un montón
 Quero aprobar dunha vez por favor
 José Luis mandanos correr magallón
 Que non falte o termo de Xurxo
 os seus esquemas son moi aburridos
 Por que, por que os temos que facer

Os alumnos de 6º
 rematamos a etapa
 comezamos no "insti" e imos con ganas
 Estes anos con Juan foron moi divertidos
 OS PATIOS SEN FÚTBAL SON MOI ABURRIDOS

A clase enteira
 Unha clase festeira
 Loli sen patio nos deixa
 AS MATES SON A QUEIXA
 ohhh



A clase enteira - eira eh eh eh
Como una clase festeira - eira eh eh eh
ah ah ah clase enteira... x2


Faremos como nas clases
o que pasa aqui, aqui se queda
A directora na porta
pero un parte non vai frenar - nos

Disfrutao que o entroido no acabou
queda unha aduacion
e bailamos ao monton
e a gritar que a vida
e pa' disfrutar
e non para estar

Juan empieza a picar
que quere subirse a bailar (sube, sube, sube)
que quere subirse a bailar (sube, Juan, sube)




MURGA DE 6º B



Con estas letriñas, os nenos e
nenas de 6ºB non vos queren
dar mais a murga!! Cantade,
cantade!! Que o que ri e
canta, todos os seus males
espanta!!

A disfrutar!!

ALCOUVE



ALCOUVE

1º CICLO



"DIENTE DE LEÓN"
Ed. CUMIO



"CONEXIÓN MACARRÓN"
Ed. XERAIS




"DRACO"
Ed. CUMIO



"CONTOS QUE CABEN NUNHA MAN"
Ed. OQUELO

INFANTIL



"BECHO PELOTA"
Ed. APILA



"RATOS NA ESCOLA"
Ed. KALANDRAKA



"PERRITO TIENE MUCHA PRISA"
Ed. SM

2º CICLO



"BRUXA E FAMILIA"
Ed. OQUELO



"FORMIGAS"
Ed. XERAIS



"CRÍMENES ILUSTRADOS"
Ed. MONTENA



"EL ENIGMA DE SIEMPREVIVA"
Ed. ANAYA


3º CICLO




"PAPÁ CANIBAL"
Ed. ANAYA.



"PLAN DE RESCATE"
Ed. XERAIS




"PERROBOT"
Ed. MONTENA



"EMPIEZA LA ESO"
Ed. DESTINO



País/nais



LIBROS QUE DEIXAN PEGADA

LECTURAS PARA VERÁN

CEIP CABANAS-SALCEDO



<http://alcouvebiblioteca.blogspot.com.es/>

XUÑO, 2024

